




AUC

Axenda Urbana de Carballo



Interreg
España – Portugal



Fórum Carballo
Xornada informativa Estratexia Territorial Integrada
9 maio 2024

Contextualización das Axendas Urbanas

Axenda 2030 de Nacións Unidas:

A **Axenda Urbana Española** é un documento estratéxico que responde aos **compromisos internacionais asumidos polos Gobernos nacionais**. En concreto está vinculada, nun primeiro nivel, á **Axenda 2030**, un **plan de acción global** adoptado polos 193 estados membros das **Nacións Unidas** cuxo obxectivo principal é promover o desenvolvemento sostible a través dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**. En concreto, O **ODS 11** está centrado nas **ciudades e comunidades sostibles**.



Aprobada en setembro de 2015



Firmada por tódolos países de Nacións Unidas



Instrumento que rexerá os programas de desenvolvemento mundiais ata o ano 2030



17 obxectivos (ODS)













169 metas abarcan ámbitos económico, social e ambiental



Contextualización das Axendas Urbanas

Axenda Urbana Española:

A **Axenda Urbana Española** iniciativa do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, é a **translación de todo este compromiso internacional á realidade local**, adaptando os principios globais ás necesidades específicas de España, empregándose como política palanca para alcanzar a Axenda 2030 no territorio español. Este documento establece **obxectivos e liñas de actuación** para mellorar a xestión urbana e promover cidades máis habitables, impactando sobre un total de 90 das 169 metas dos ODS (das que 92 son relevantes para os gobernos locais).

- 1 Ordenar el territorio y hacer un uso racional del suelo, conservarlo y protegerlo 
- 2 Evitar la dispersión urbana y revitalizar la ciudad existente 
- 3 Prevenir y reducir los efectos del cambio climático y mejorar la resiliencia 
- 4 Hacer una gestión sostenible de los recursos y favorecer la economía circular 
- 5 Favorecer la proximidad y la movilidad sostenible 
- 6 Fomentar la cohesión social y buscar la equidad 
- 7 Impulsar y favorecer la Economía Urbana 
- 8 Garantizar el acceso a la Vivienda 
- 9 Liderar y fomentar la innovación digital 
- 10 Mejorar los instrumentos de intervención y la gobernanza 

Contextualización das Axendas Urbanas


Axenda Urbana Española:

Os **obxectivos estratéxicos** da Axenda Urbana Española son dez e abarcan ámbitos diversos e diferentes áreas clave para o desenvolvemento urbano sostible. Entre estes obxectivos destaca a promoción dun modelo de **mobilidade máis sostible**, a **mellora da eficiencia enerxética** no ámbito urbano, a **conservación e posta en valor dos espazos naturais**, e a **promoción dun desenvolvemento económico equitativo e integrador**.

Estes 10 obxectivos estratéxicos despregan, á súa vez, un total de **30 obxectivos específicos e 291 liñas de actuación** que non son senón propostas de carácter orientadoras que aluman os posibles camiños a emprender.

Neste contexto, os **Plans Estratéxicos de Acción Locais (PEAL)** ou **Axendas Urbanas Locais** son os Plans de Acción da Axenda Urbana Española, o último elo nesta cadea de planificación estratéxica internacional, xogando un papel vital na construción de cidades máis sostibles, inclusivas e resilientes.

AUC. Diagnose



A Axenda Urbana de Carballo representa un **ambicioso compromiso municipal** que nace como resposta ás demandas cidadás, a necesidade de abordar os retos ambientais e sociais e ao compromiso co desenvolvemento sostible.


A **Axenda Urbana de Carballo**, nun primeiro proceso de **diagnose**, elabora unha análise do estado actual do municipio en torno aos dez ámbitos temáticos marcados pola Axenda Urbana Española. En base a esta análise **identifícanse unha serie de retos** por cada un destes ámbitos temáticos e, unha vez iniciado o proceso de creación do Marco Estratéxico, identifícanse os **principais obxectivos da Axenda Urbana de Carballo** e as **liñas de actuación** que marcarán o camiño a seguir para alcanzar cada un destes grandes obxectivos.

AUC. Diagnose



18

I.3. Infraestrutura verde e azul




Mapa de ocupación do solo segundo CORINE.

Fonte: Elaboración propia.

Mapa de distribución territorial das empresas transformadoras da madeira en Galicia a escala municipal.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Ano 2022.



Número de empresas:

- 0 - 3(58,15%)
- 3 - 4(10,86%)
- 4 - 8(20,77%)
- 8 - 10(4,47%)
- 10 - 19(3,83%)
- 19 - 49(1,92%)

19

O resto do solo artificial divídese entre zonas industriais ou comerciais, cun 0,25% do territorio e 47 hectáreas (case un cuarto do tecido urbano continuo) e as zonas de extracción mineira, cun 0,22% e 40 hectáreas de ocupación.

No ámbito costeiro atopamos os tres últimos grupos, de pouca entidade porcentual pero

de gran relevancia paisaxística no municipio: as praias, dunas e areais, que fan un total de 77 hectáreas inda que só representen o 0,41% do solo; as marismas, cun 0,74% e 138 hectáreas de terreo; e, por último, as lagunas costeiras, cun 0,54% polas súas 102 hectáreas.

A 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia cara á neutralidade carbónica ten por obxecto actualizar o instrumento básico de planificación forestal estratéxica para o deseño da política forestal galega, adaptándoa as novas circunstancias, necesidades, retos e oportunidades do futuro que se presenten para o monte e o sector forestal galego, adoptando os diferentes acordos intergubernamentais sobre medio ambiente e desenvolvemento sostible. Esta revisión realízase en base a catro dimensións: a dimensión institucional, técnica e administrativa, a dimensión socioeconómica sectorial, a dimensión territorial e a dimensión ambiental.

O monte galego concíbese como un monte multifuncional, con sistemas de uso múltiples e cunha ordenación multicriterio baixo o principio fundamental de responsabilidade ambiental e conservación da biodiversidade. Ademais, o monte galego ten un marcado compoñente social (con 664 hectáreas en mans de Comunidades de Montes en Man Común). Por isto, esta política forestal ten un criterio esencial de participación social e gobernanza cidadá.

A industria da madeira ten unha gran relevancia no eixo industrial A Coruña-Arteixo-Carballo e na comarca de Bergantiños. Como tal, debe terse en conta para o estudo territorial correspondente, entendendo que, ademais da mobilización socioeconómica, este sector ten unha repercusión directa no territorio a través dos seus montes e da xestión dos mesmos.


Actualmente, no concello de Carballo atópanse 13 empresas adicadas á transformación da madeira, o que sitúa ao concello no 6% de concellos de Galicia con máis de 10 empresas neste sector.



AUC. Diagnose

Diagnose Axenda Urbana de Carballo

76



Mapa de idade da edificación no centro da vila de Carballo. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos abertos de Catastro.



Diagnose Axenda Urbana de Carballo

77

O Ministerio de Fomento ten publicado recentemente a Plataforma de Datos Abertos **URBAN3R** para impulsar a rexeneración urbana n España.


No eido da eficiencia enerxética aporta unha serie de información de referencia para moitos municipios de España entre os que se atopa Carballo. Un dos datos de referencia é o cálculo da **demanda enerxética residencial para calefacción**.

Para a obtención deste dato, o proceso metodolóxico comeza tomando como unidade de análise cada unha das 50 provincias. Nestas localizacións clasifícase o parque residencial en base a 15 clústeres conformados a partir de 3 grandes variables: tipoloxía, número de plantas e período de construción.

En relación á orientación dos edificios residenciais, desenvólense dúas hipóteses simplificadas: Norte-Sur e Leste-Oeste. Sen embargo, co obxectivo de sintetizar estas dúas hipóteses, neste estudo do Ministerio se presentan como resultados o valor medio de ambas.

O estudo empregou un método estático aplicado mes a mes baseado nos cálculos do balance enerxético. Este sistema consiste nun procedemento simplificado de cálculo que permite a valoración da demanda enerxética por calefacción dunha vivenda considerando os principais factores que inciden no intercambio de enerxía co exterior.

Cada un dos 15 clústeres defínese a nivel volumétrico en base a edificios existentes que se consideran representativos do conxunto do parque edificatorio ao que fan referencia. A volumetría resulta ser un factor esencial na consideración dos tipos e superficies de cada cerramento e no efecto da radiación solar.



En Carballo, os datos amosan moita diferenciación entre a demanda de calefacción no entorno urbano interior á vila e os núcleos rurais das parroquias. Neste sentido, o gran factor determinante á a tipoloxía, predominando as vivendas unifamiliares illadas que, en relación ás características enerxéticas, teñen unha peor resposta debido a maior cantidade de paramentos exteriores que teñen.

No casco urbano o factor máis determinante parece ser a idade das edificacións pola súa similitude co mapa da idade da edificación, que nos mostra un centro urbano con maiores necesidades enerxéticas en comparación cos outros barrios da vila.

Esta mesma plataforma apórtanos unha estimación do custo da intervención necesaria para a rehabilitación enerxética e obsérvase novamente a diferenciación entre o núcleo urbano, cun prezo medio aproximado entre os 60 e os 80 €/m² e os núcleos rurais, cun custo de rehabilitación medio aproximado de entre 120 e 150 €/m².

AUC. Diagnose

Diagnose Axenda
Urbana de Carballo



Diagnose Axenda
Urbana de Carball

Diagnose Axenda
Urbana de Carballo

Retos

D
ebilidades

- Gran cantidade de vehículos a motor domiciliados no termo municipal de Carballo, que aseguran unha elevada produción de CO₂.
- Preferencia de uso do vehículo particular sobre calquera outro modo de transporte.
- Reducido uso dos medios de transporte público no concello.
- Baixa frecuencia de comunicación mediante transporte público co concello de Santiago de Compostela, con gran cantidade de conexións en vehículo privado dende e cara a Carballo.
- Falta de conexión de moitos núcleos rurais coa vila principal mediante o transporte público.
- Sobrecarga do centro da vila debida aos percorridos urbanos do transporte de mercadorías no centro da vila.
- Posibilidade de mellora da infraestrutura de conexión por estrada coa capital galega.

A
mezas

- Complexidade territorial que pode derivar nunha desconexión dos núcleos peor conectados.
- Posible desconexión funcional dos núcleos interiores do sur do municipio, máis afastados da vila central de Carballo.

F
ortalezas

- Compacidade urbana do núcleo da vila de Carballo que favorece os desprazamentos a pé ou en bicicleta
- Diversidade de planes e estratexias para facilitar e fomentar a mobilidade sostible.
- Importantes vías de comunicación co resto do territorio da comarca de Bergantiños, das comarcas veciñas, co eixo A Coruña - Arteixo - Carballo e coa capital da Comunidade Autónoma.
- Distribución dos principais centros atractores do concello en relación coas principais vías de comunicación.
- Distribución espacial dos equipamentos dentro da malla urbana, facilitando os percorridos a pé ou en bicicleta.
- Boa localización dos grandes centros industriais atractores de vehículos de transporte en relación coas infraestruturas de comunicación coa comarca da Coruña.
- Posición central da estación de autobuses dentro da trama urbana da vila de Carballo.
- Bo reparto das paradas de autobús no territorio, que da cobertura á máis dun 80% da poboación do municipio nun rango inferior a 500 m.
- Preferencia do transporte a pé para as viaxes dentro do núcleo urbano de Carballo.

O
portunidades

- Facilitade para a transformación do modo de transporte de certos percorridos con orixe e destino no núcleo urbano que, na actualidade, se están a realizar en vehículo privado, por un medio de transporte máis sostible.
- Boa localización como punto de conexión entre as comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte e a área funcional da cidade da Coruña, que permite o fomento dos medios de transporte colectivo que xa están en funcionamento no territorio.
- Capacidade de cambio de mentalidade das persoas do concello que non se desprazan a pé na actualidade dentro do núcleo urbano por comodidade, mais non teñen ningún outro inconveniente.

Articulación da infraestrutura verde do territorio Organizar e deseñar a rede de infraestruturas verdes e azuis do municipio partindo das Zonas Protexidas do río Anllóns e os areas e marismas da Costa da Morte como puntos de referencia sobre os que construír una rede de conexión da biodiversidade que se complementa cos espazos naturais de monte e campo que ocupan gran parte do termo municipal.

O paso do río Anllóns polo núcleo urbano de Carballo é unha oportunidade para dar continuidade á infraestrutura verde no espazo edificado a través da apertura do río e da restauración ecolóxica e paisaxística das súas marxes.

Aproveitamento dos beneficios derivados da situación no eixo de desenvolvemento A Coruña - Arteixo - Carballo Asegurar o aproveitamento da conexión A Coruña - Arteixo - Carballo para o desenvolvemento de Carballo cunha dobre vertente: por un lado asegurando a súa relevancia como polo industrial, en complementariedade coas novas infraestruturas do termo municipal de Arteixo e, por outro lado, como atractor de poboación para a consolidación do termo urbano da vila de Carballo e dos distintos núcleos rurais do municipio.

Aproveitamento do alto valor do patrimonio natural do concello O patrimonio natural do concello de Carballo, de gran relevancia paisaxística a nivel provincial, ten a posibilidade de funcionar como atractor de turismo e actividades económicas ás parroquias e núcleos rurais da costa, asegurando un modelo turístico sostible.

Artellamento de estratexias compartidas cos concellos do seu enclave territorial O posicionamento de Carballo como punto de conexión do entorno funcional da cidade da Coruña e as comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte permite que este municipio funcione como bisagra e punto de enlace de ambas realidades, facilitando a complementariedade e a creación de estratexias conxuntas.

AUC. Diagnose

1. Territorio, paisaxe e diversidade

- 1.1. Ordenar o solo de maneira compatible co seu entorno territorial.
- 1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe
- 1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vencellalas co contexto natural

2. Modelo de Cidade

- 2.1. Definir un modelo urbano que fomenta a compacidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos.
- 2.2. Garantir a complexidade funcional e diversidade de usos.
- 2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos.
- 2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación.
- 2.5. Impulsar a rexeneración urbana.
- 2.6. Mellorar a calidade e a sostibilidade dos edificios.

3. Cambio Climático e Resiliencia

- 3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención.
- 3.2. Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- 3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático.

4. Xestión sostible dos recursos e economía circular

- 4.1. Ser máis eficientes enerxéticamente e aforrar enerxía.
- 4.2. Optimizar e reducir o consumo de auga.
- 4.3. Fomentar o ciclo dos materiais.
- 4.4. Reducir os residuos e favorecer a súa reciclaxe.

5. Mobilidade e transporte

- 5.1. Favorecer a cidade de proximidade.
- 5.2. Potenciar modos de transporte sostibles.

6. Cohesión social e igualdade de oportunidades

- 6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social en contornas urbanas desfavorecidas.
- 6.2. Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade.

7. Economía urbana

- 7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.
- 7.2. Fomentar o turismo sostible e de calidade e os sectores clave da economía local.

8. Vivenda

- 8.1. Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a prezo accesible.
- 8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

9. Era dixital

- 9.1. Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara o desenvolvemento dascidades intelixentes (Smart Cities).
- 9.2. Fomentar a administración electrónica e reducir a fenda dixital.

10. Instrumentos e gobernanza

- 10.1. Lograr un marco normativo e de planeamento actualizado, flexible e simplificado que mellore, tamén, a xestión.
- 10.2. Asegurar a participación cidadá, a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel.
- 10.3. Impulsar a capacitación local e mellorar a financiación.
- 10.4. Deseñar e poñer en marcha campañas de formación e sensibilización en materia urbana así como de intercambio e difusión da información.

AUC. Participación

A importancia desta axenda local radica na súa **capacidade para articular accións conxuntas** no territorio cos diferentes axentes sociais, económicos e medioambientais. Este compromiso non só aborda as cuestións clave identificadas polo Concello, senón que tamén reflicte a **capacidade e aspiracións da comunidade local**.

Por este motivo o **proceso de participación** desempeñou un papel crucial na elaboración da Axenda Urbana de Carballo, proporcionando un marco inclusivo e colaborativo para identificar os obxectivos e accións prioritarias para cada un dos sectores. A través de diversos **actos de participación**, o Concello de Carballo buscou involucrar activamente a comunidade local a través das **entidades e asociacións sectoriais** para recoller unha visión completa e diversa que reflicta as diferentes perspectivas e inxerencias presentes no territorio. As sesións leváronse a cabo nas seguintes datas:



AUC. Participación

Mércores 20 de setembro:

De 10:00 a 12:30: Reunión co grupo de goberno do Concello.

Luns 20 de novembro:

De 13:30 a 15:00: Entidades medioambientais.

De 16:00 a 18:30: Entidades e asociacións de carácter veciñal, cultural e as ANPAS do municipio.

De 18:30 a 20:30: Entidades e asociacións de carácter social.

Xoves 23 de novembro:

De 16:00 a 20:30: Entidades e asociacións deportivas.

De 18:30 a 20:00: Entidades e asociacións de carácter económico.

Martes 19 de decembro:


De 10:00 a 12:30: Reunión cos xefes de servizo do Concello.

De 12:30 a 14:00: Reunión coa oposición.

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción



Marco estratéxico
e Plan de Acción
da Axenda Urbana
de Carballo



Unha vez levada a cabo esta fase de participación completa elaborouse o documento do **Marco Estratéxico e o Plan de Acción da Axenda Urbana de Carballo**. A Axenda Urbana de Carballo procura abordar os retos do municipio, proporcionando un **marco estratéxico** que **guíe as accións municipais nunha dirección colectivamente acordada**.

O **Marco Estratéxico** da Axenda Urbana de Carballo é o conxunto de **directrices, obxectivos e principios** que **guían o desenvolvemento urbano** no ámbito local de Carballo. Este marco une a **visión**, os **retos** e as **prioridades** para **orientar a planificación e as accións** encamiñadas a facer da vila un espazo máis **sostible, inclusivo e resiliente**.

PROTOCOLO GENERAL DE ACTUACIÓN ENTRE LA SECRETARIA GENERAL DE AGENDA URBANA Y VIVIENDA DEL MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA Y EL AYUNTAMIENTO DE CARBALLO

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

En primeiro lugar levouse a cabo a relación dos 10 obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española (AUE) e os retos identificados en Carballo para cada un deles, cos **principais obxectivos do municipio** abarcando todas as dimensións consideradas na Axenda Urbana Española e **adaptándoas á realidade local** a través do **diálogo cos diferentes axentes do territorio**.

Definíronse, en total, **sete obxectivos** principais que organizan a Axenda Urbana de Carballo:


- .Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo**
- .Fortalecer as relacións do Concello coa cidadanía.**
- .Mellorar a calidade de vida no rural**
- .Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballo**
- .Mellorar a mobilidade de Carballo**
- .Aumentar o potencial económico do municipio**
- .Reducir as fendas sociais existentes no termo municipal**

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción


Posteriormente, elaboráronse as **liñas de actuación dentro de cada obxectivo**, abordando as necesidades específicas do municipio. Estas liñas de actuación se organizan en **tres grandes grupos** en función do seu ámbito de actuación, diferenciando **liñas de ámbito territorial**, cando sobrepasan os límites do territoriais do Concello, **liñas de ámbito municipal** e que, polo tanto se adscriben ao territorio municipal e interveñen ao longo de todo o municipio e **liñas de ámbito zonal**, sendo estas aquelas que teñen incidencia en puntos concretos do territorio. Cada unha destas liñas ten unha contribución directa aos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** de Nacións Unidas e a un ou varios **Obxectivos Estratéxicos da Axenda Urbana Española**.

Estas liñas de actuación conteñen, á súa vez as **accións concretas** que se propoñen para avanzar cara aos obxectivos estratéxicos definidos, ofrecendo **solucións prácticas e enfocadas no contexto local**. Estas accións se definen en tres grupos: **proxectos, programas e políticas**.


AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción




AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción



AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción



AUC. Marco Estratégico e Plan de Acción



AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

1.2.3.

Emprendemento de plans de mellora das condicións do espazo público existente mediante obras de restauración

CARÁCTER

Proxecto

PRIORIDADE

Alta

PAZO

Curto prazo

ORZAMENTO

Reforma da praza do Concello:
2.500.000 €
Outras intervencións: entre
1.000.000 e 3.000.000 €

AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais

OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación

A iniciativa proposta busca a renovación dos espazos públicos existentes en Carballo. A necesidade de revitalizar estes espazos xorde da **importancia fundamental que o espazo público ten para a vida das persoas** e o dinamismo da vida urbana.

Os espazos públicos son o corazón da vida urbana, lugares onde as comunidades se conectan, interactúan e desenvolven a súa identidade colectiva. A través desta acción, preténdese **emprender plans integrais de mellora**, abordando a necesidade de restauración de espazos que poidan estar degradados ou en desuso.

A renovación dos espazos públicos non só ten un impacto estético, senón que tamén inflúe directamente na **calidade de vida dos habitantes**. Mellorar a accesibilidade, incorporar zonas verdes, instalar mobiliario urbano cómodo e moderno, e promover a seguridade son aspectos esenciais que poden enriquecer significativamente a experiencia da cidadanía no seu día a día.

En concreto, a primeira obra que se levará a cabo será a **reurbanización e adecuación da praza do Concello de Carballo para o uso da feira**. Este lugar e, por conseguinte, este proxecto, é de gran relevancia para as persoas habitantes na vila e no municipio, xa que é un punto de encontro e convivencia para a cidadanía en xeral. Esta praza, ademais, é un lugar de celebración de eventos culturais e festivos xa que aquí se celebran os festivais de música, representacións teatrais, actividades deportivas e, o máis importante, a gran feira de Carballo.

A feira e o comercio na praza do concello de Carballo, celebrados todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, son eventos destacados e populares na zona, sendo unha importante fonte de ingresos para os comerciantes locais ao atraer a numerosas visitas do municipio e a comarca.

Na actualidade a praza presenta **problemas xerais** na pavimentación,



INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.4.1. Dispónse de plans de mellora da calidade do medio ambiente urbano orientados á mellora das zonas verdes urbanas e á redución da contaminación?

2.4.2. Porcentaxe de poboación próxima ás zonas verdes urbanas ou áreas de esparcemento.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

falta de drenaxe e de sumidoiros que causan acumulacións de auga, desniveis e barreiras arquitectónicas, zonas axardinadas con bordos, desuso do edificio da cafetería Sinagoga, falta de espazo para os postos da feira, poucos espazos cubertos, ausencia de espazos para certos eventos, etc.

Con esta reforma o que se pretende é mellorar a **calidade do espazo para a feira**, mellorar a **accesibilidade e seguridade** da praza, mellorar e actualizar a **imaxe e a oferta do comercio local** e apostar por unha mellora da **calidade ambiental**, da **eficiencia enerxética e novas tecnoloxías**.

Esta obra servirá de exemplo para as novas intervencións nos espazos públicos de Carballo.

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

Todo este proceso de elaboración da Axenda Urbana de Carballo, cimentado na **participación cidadá** e na **colaboración con axentes locais**, procura garantir que esta Axenda Urbana sexa unha **ferramenta eficaz** que promova así un **desenvolvemento urbano sostible e integrador** da man dos diferentes **axentes** que, a día de hoxe, configuran o territorio de maneira conxunta. A Axenda Urbana de Carballo emerxe como un documento **consensuado e adaptado á realidade local**, que non só incorpora os principios máis amplos da Axenda Urbana Española e Europea, senón que tamén **define un rumbo claro e específico para o desenvolvemento urbano en Carballo**. A súa natureza, orientada a abordar múltiples dimensións urbanas, demostra o **compromiso da cidade coa construción dun futuro máis sostible e inclusivo para a súa veciñanza**.

7 obxectivos estratéxicos  55 accións concretas

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

1 Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo

- 1.1.1. Catálogo Patrimonio Natural
- 1.1.2. P.E. Río Anllóns
- 1.1.3. P.E. Razo
- 1.1.4. P.E. Pedra do Sal
- 1.1.5. Estratexia infraestrutura verde
- 1.1.6. Dinamización espazos naturais
- 1.2.1. Análise espazos hortos e espazos
- 1.2.2. Plan Rehabilitación Vivenda
- 1.2.3. Plan mellora espazos públicos
- 1.2.4. Instalacións culturais
- 1.2.5. Infraestruturas deportivas

2 Fortalecer as relacións do Concello coa cidadanía

- 2.1.1. Dixitalización administración
- 2.1.2. Comunicación Axenda Urbana

3. Mellorar a calidade de vida no rural

- 3.1.1. Sistema intercambio veciñanza rural
- 3.1.2. Programa lúdico interxeracional
- 3.2.1. Plan internet rural
- 3.2.2. accesibilidade e eficiencia rural
- 3.2.3. Emprendemento rural
- 3.2.4. Banco de terras
- 3.2.5. Melloras viario estruturante rural

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

4. Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballo

- 4.1.1. Medición contaminación
- 4.1.2. Ecodeseño e reciclaxe
- 4.1.3. Barrios Sostibles
- 4.1.4. Soterramento alta tensión
- 4.2.1. Comunidade Enerxética
- 4.2.2. Rehabilitación Edificios Municipais
- 4.2.3. Telexestión auga e enerxía
- 4.2.4. Plan Director Abastecemento Saneamento
- 4.2.5. Plan da Seca
- 4.2.6. Impulsión vivenda pasiva

5. Mellorar a mobilidade de Carballo

- 5.1.1. Transporte publico
- 5.2.1. Rede ciclista e peonil
- 5.2.2. Conexión rural-urbano
- 5.2.3. Alugueiro bici eléctrica e recarga vehículo
- 5.2.4. Revisión PMUS
- 5.2.5. Xestión tráfico

AUC. Marco Estratéxico e Plan de Acción

6. Aumentar o potencial económico do municipio

- 6.1.1. Ampliación Polígono
- 6.1.2. Circunvalación
- 6.1.3. Plan transporte Polígono
- 6.2.1. Dixitalización comercio e peme
- 6.2.2. Dinamización 2º andar mercado
- 6.3.1. Plan formación emprego
- 6.3.2. Fomento deporte dinamizador
- 6.4.1. Oficina turismo sostible
- 6.4.2. Dixitalización turística
- 6.4.3. Surf
- 6.4.5. Mapa literario

7. Reducir as fendas sociais existentes no termo municipal

- 7.1.1. Edificio Social
- 7.1.2. Accesibilidade
- 7.1.3. Cooperativismo vivenda
- 7.2.1. Conciliación
- 7.2.2. Apoio escolar frote o acoso
- 7.2.3. Melloras colexios
- 7.2.4. Espazo mocidade
- 7.2.5. Espazo mocidade +18

AUC. E agora, ¿qué?

- **DIFUSIÓN:** web, xornadas, medios, etc.
- **ETIs:** concorrer á próxima convocatoria
- **SEGUIMIENTO INDICADORES**
- **ESTRATEGIA:** documento base para subvencións, prioridades e liñas de actuación.
- **DOCUMENTO EN CONTINUA ACTUALIZACIÓN**

https://carballo.org/media/documentos/AXENDA_URBANA_1.pdf